

ORDE do 8 de maio de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de curta duración que desenvolvan as entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. (Dog 94, 22/05/2026)

Obxeto

O obxectivo principal dos Bonos Talento empresa é financiar a realización de proxectos formativos de curta duración (**formación non formal**) para acadar dous fins fundamentais:

- Mellorar as capacidades das empresas
- Contribuír ao desenvolvemento profesional dos seus traballadores e traballadoras

Estas axudas convócanse para o período 2026-2027

O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

O código de procedemento é TR302D

Requisitos de admisibilidade

As entidades deben cumprir os seguintes perfís e condicións:

- Tipo de entidade: Poden solicitálas as **microempresas, pemes e grandes empresas**, así como as **persoas traballadoras autónomas** que teñan persoal contratado por conta allea.
- Antigüidade: Deben estar validamente constituídas e ter unha actividade ininterrompida en Galicia durante polo menos **tres anos** antes da publicación da convocatoria.
- Localización: Deben contar cun **centro de traballo en Galicia**, onde se desenvolverá a actividade obxecto da subvención.
- Exclusións: Non poden ser beneficiarias as administracións públicas, entidades sen ánimo de lucro, centros especiais de emprego, nin as propias entidades de formación. Tampouco aquelas empresas en situación de **crise** ou con ordes de recuperación pendentes pola Comisión Europea.
- Non formalización previa: A entidade non debe ter formalizado ningún acordo contractual ou compromiso xurídico firme relativo ao proxecto antes de presentar a solicitude.

Operacións subvencionables

As actuacións subvencionables son accións formativas de carácter non formal e de curta duración.

A formación debe estar orientada á adquisición de competencias nalgunha das seguintes áreas detectadas como prioritarias:

- **Competencias dixitais:** dende ofimática básica ata tecnoloxías avanzadas, disruptivas ou programación.
- **Procesos industriais:** manipulación de maquinaria, construción, soldadura ou interpretación de diagramas técnicos.
- **Xestión empresarial:** xestión de persoas e talento, planificación estratéxica, finanzas e administración.
- **Servizos a clientes:** vendas, atención ao cliente, asesoramento e xestión de reclamacións.
- **Ámbito asistencial:** prestación de coidados, técnicas sanitarias, medicina preventiva ou benestar.
- **Tecnoloxías limpas e eficientes:** materiais avanzados, reciclaxe, baterías, hidróxeno e eficiencia enerxética

Requisitos das accións formativas

- **Duración:** Cada acción debe ter un mínimo de **16 horas** e un máximo de **100 horas**.
- **Proxecto formativo:** Cada entidade poderá solicitar un único proxecto que conteña, como máximo, **tres accións formativas**.
- **Exclusión do Catálogo do SEPE:** As formacións **non poden estar incluídas** na oferta do Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal.
- **Carácter non obrigatorio:** Quedan excluídas as formacións que sexan de obrigado cumprimento para a empresa por contrato ou convenio colectivo.
- **Gratuidade:** A formación debe ser totalmente **gratuíta** para as persoas traballadoras.
- **Límites horarios:** Máximo de 40 horas semanais por persoa e un límite diario de 8 horas.
- **A modalidade principal** debe ser **presencial**, aínda que se permite o uso de **aula virtual** a través do Campus Virtual da Xunta, sempre que sexa de xeito sincrónico (en tempo real) e bidireccional

Período de realización

As operacións deben executarse nos seguintes prazos, sen que poidan iniciarse antes de presentar a solicitude:

- **Anualidade 2026:** Dende a presentación da solicitude ata o **31 de outubro de 2026**.
- **Anualidade 2027:** Dende o **1 de novembro de 2026** ata o **30 de setembro de 2027**.

Contía da axuda

1. Módulos de custos unitarios

O importe calcúlase en función das horas de formación e o número de participantes, baseándose en dous módulos:

- **Módulo de formación:** 18,09 € por hora de formación e persoa participante.
- **Módulo salarial:** 20,42 € por hora de formación e persoa participante. Este custo só é subvencionable se a formación se imparte dentro do horario de traballo remunerado.

No caso de que a formación se realice en horario laboral, a subvención calcularase sobre o importe combinado de ambos módulos (38,51 €/hora).

2. Intensidade da axuda (porcentaxes)

A subvención non cobre necesariamente o 100 % do custo calculado, senón que depende da categoría da empresa:

- **Grandes empresas:** ata o 50 % dos custos subvencionables.
- **Medianas empresas:** ata o 60 %.
- **Pequenas empresas e microempresas:** ata o 70 %.
- **Sector transporte marítimo:** pode chegar ao 100 % para formación de persoal supernumerario a bordo de buques inscritos nos rexistros da Unión.

3. Límites máximos

- **Por entidade:** a contía máxima da subvención non poderá superar os 25.000 € por cada entidade solicitante.
- **Por proxecto:** o gasto máximo subvencionable será o resultado de sumar os custos das accións formativas incluídas (mínimo 16 e máximo 100 horas por acción)

Prazo de execución e xustificación

As entidades beneficiarias deben presentar a xustificación nun prazo máximo de **un mes** desde o remate da acción ou accións formativas.

Prazo de presentación das solicitudes de axuda

O prazo para presentar as solicitudes será dende o día 2/06/2026 ata o 3/08/2026